

Galegos! O Goberno hespañol que anda para asesinar a nosa gan-
deira con un funesto Tratado co Uruguái, quere corral-a sua obra con
outro Tratado con Rusia, que arruinará a nosa industria madeireira.
E despóis dirán por ahí que non debemos ser separatistas!

Un intre de escuridade

DO MOMENTO

Estamos atravesando por un intre de escuridade política con somas en todol-os vieiros. Non se debe a outra cousa que ao fariseísmo de todol-os xefes políticos dos milleiros de partidos e partidíños en que se esterilizan as forzas máis xurdías dos pobos.

Dende que veu a República, foron moitas as datas en que, con diversas ocasións, se ten manifestado o limpo sentir popular. Os mesmos dirixentes da política acertaron moitas veces a interpretal-o con xusteza, facendo concrecións exactas dos degaros multitudinarios das masas. Mais hoxe, facendo balances —neste momento propicio para as liquidacións— vemos que nada se cumpríu, e —o que é peor— que todos ises camiños que o pobo adiviñou pol-o seu instinto inmanente de salvación, están hoxe cheos de somas, borrados e sin fitos.

Isto é un feito comprobable en total-as latitús hespañolas, pero moi en particular en Galicia.

Galicia, ao vir a República, —como Cataluña e Basconia— hachóu un camiño pol-o que tería que salvarse, e por el botóu a andar. Mais os seus xefes de vanguardia, moitos d'eles, —¡os máis!— inda que fosen pol-o mesmo camiño, levaban outros fitos: iban sô por ver que se topaba. E agora que se encontran acurrullados pol-as forzas que iles mesmos quixeran capitanear, agora que son empuxados por elas máis aló dos fitos dos seus persoalismos e comenencias, todo se lles volve devaer por atallos sin saída, logrando desnortar os impulsos do pobo que os sigue, que os ten que seguir e que iles teñen empeño en descarriar por todol-os vieiros en soma.

Ista é a situación en que nos hachamos e da que poíderá ser que non saísemos aínda pol-a nosa estupidez.

A responsabilidade de todo isto sabemos ben, moi ben, a quen lle corresponde. Neste momento en que todol-os partidos políticos de Galicia pareceron darse a man para ir á construción d'unha nova Galicia, que xa vive nos degaros limpos e fondos de todol-os galegos, nós non queremos acusar a ninguén en particular. Non queremos que logo se diga que fomos nós quen rachamos iste pacto de cordialidade cos nosos puritanismos. Así e todo, temos a obriga de decir certas cousas, e decímol-as. Os partidos políticos de Galicia, no intre presente, máis que nada están facendo de desnortadores da máis xurdía concencia nacional. A parte as tres ou catro persoalidades de sempre, quén é o que con sinceridade anima iste magnífico movemento autonomista que hoxe xermola na nosa Terra? E unha atitude tan perfectamente pasiva, quén dí que non é o factor máis eficaz de despistamento que pode haber, sobre todo neste intre en que o pobo aparece soerguido n-unha íntima vibración que precisa un apoio firme si ha de rendir toda a súa eficacia? Debérase pensar ben isto. É mui dooroso, pero nós non podemos calar. Nós non debemos calar o desleigamento dos partidos políticos de Galicia e a traición de corenta e tantos deputados galegos que, ¡nin agora!, se lembran da sua Terra, ben insinados, sin dúbida, pol-o señor Casares Quiroga, que, despóis de andar xogando á lebre escura, é o máis deileigado de todos eles.

Hai quen pensa que a minción do Partido Galeguista terá rematado o día que sexa unha realidade a Autonomía de Galicia. Nada máis simple que semellante criterio.

O galeguismo orgaizado, estruturado hoxe en partido político, precisamente hoxe que a política constituíe na Hespaña a principal preocupación, non é un partido político máis, d-eses partidos que teñen dende que nascen unha esfera de acción xa marcada e un programa á imposer o día do trunfo.

O Partido Galeguista non tén, non pode tén limitada a súa acción. Intervén e intervirá aínda máis, canto máis sexa o seu avance proselitista en total-as esferas, de todo orde, que constituíen a vida galega.

O trunfo do galeguismo non poderá endexamáis considerarse abranguido. Poderá, si, naturalmente, ir á cotío colleitando favorabéis posicións e arrecadando éxitos programáticos. Incorporando ao sentimento galeguista novos patriotas e conquerindo cada día progresivos avances. Mais o seu trunfo definitivo é cousa de longo tempo e de circunstancias que a realidade actual non presenta como posibeis n-un prazo longo.

O trunfo do galeguismo non poderá nunca considerarse abranguido namentras non se chegue á istas dúas conquistas: Independencia política e independencia espiritual.

E teñen que ser precisamente as dúas xuntas. Unha sin a outra non sería máis que a metade do trunfo. De nada valería unha independencia política, que é fácil conquerir n-unha circunstancia favorabel que impulsa a unha osadía, si espiritualmente Galicia seguía sendo tributaria d un pensamento, d-unha psicología, d-unha cultura alleas.

Nin tampouco, anque dende logo máis propicia, unha independencia espiritual si o corpo político galego seguía apreixado á un poder alleo que lle impuxera normas e leis inaxeitadas.

Sendo, ao meu xucio, estas dúas conquistas as que poderían sinalar o trunfo do galeguismo, salta á vista que ese trunfo vai para lonxe. Por eso todo canto hoxe anda á realizar o galeguismo, non son máis que as escadeiras que han de valer para chegar ao cume.

As realidades do momento van impondendo a cotío normas e maneiras de desenrolar a idea galeguista no seu andar. Hoxe a realidade do galeguismo está no Partido Gale-

guista, no seu programa e como mínimo abrangemento na consecución da autonomía.

Mañán nin o Partido Galeguista, nin o seu programa nin a autonomía poden significar rén, sobor todo si chegan á ser abranguidas no prazo que as circunstancias determinan.

Das tres cousas, a primeira que está chamada a desaparecer é a de autonomía, no suposto que se chegue á conquerir o Estatuto en marcha. O Partido Galeguista e o seu programa aínda poden subsistir durante moitos anos trais os que a realidade impondrá novos procedimentos no camiño ascensional da galegitude.

Por eso están trabucados os que pensan que o Partido Galeguista, que hoxe é a expresión colectiva e orgaizada do galeguismo, tén un prazo de vida cativo.

Os que así opinan non coscencen a envergadura nin a misión do noso partido, que aínda desaparecendo oficialmente non tería desaparecido. O que faría sería transformarse e adaptarse ao momento da Galicia autónoma.

E nin así, pois a súa misión aínda tén sinalado unha órbita superior á do conquerimento da autonomía. Doadá ventaxa, pol-o que representa, para a aplicación do programa actual do galeguismo, pero nada máis.

Sendo así, é natural que o Partido Galeguista, pol-a súa misión futura, non praitique a política usual nos demais partidos. Sabemos ben que a actuación política require en certos momentos a necesidade de adaptarse aos procedimentos usuales, mais sin esquecer esa realidade nin sostel-a olímpicamente nós non podemos envoltarnos no fango político onde se moven os demais. E podemos, como xa estamos facendo, facer compatibeis as normas de saneamento e honradez que son o noso máis esgrevio patrimonio co-as impurezas da política tal como a praiticaron e praitican os demais, sin engaiolarnos, como fan os outros, por victorias efímeras que á larga non tran máis que desprestixio e falseamento das esenciais puras d-unha idea que como a nosa non tén a estreitez e o límite da maior parte das que de momento ausorven as actividades da maior parte dos galegos aínda non incorporados ao nobre ideal da galegitude.

VICTOR CASAS

O RECANTO DA MULLER

POSICIÓNS

Pol-a situación un pouco incompreensible en que nos hachamos gran parte das mulleres galegas e hespañolas con relación ás arelas políticas e sociáis dos pobos, faise costosa para nós unha actuación eficaz na loita cotián.

As mulleres estívenos sempre lonxe de toda actuación política e social. Unha concepción simplista e depauperada da vida tennos anquilosadas onde ao fogar. Isto depende, como é natural, d-unha falla de concencia feminina de xustas amplitudes. Non hai aínda formada unha persoalidade feminina, tipo na que poidamos moldear as nosas persoalidades individuais, desfiguradas, borrosas e mesquiñas. Hai grandes mulleres fitos en Galicia. Pero son fitos isolados que non poden servírnos máis que de moi lonxe. Nós o que precisamos é un vieiro sínxelo, claro e limpo. Por moito que se diga, nós non temos o noso camiño onde aos homes.

Detrás d-eles ou diante, nós non fariamos máis que número. E iso non resolve rén. Nós temos un camiño propio. Ise camiño está aínda en soma. Non se nos pode pedir que botemos por él porque o non conoce-

mos, pero podémosos pedir que vaiamos á súa percura.

Agora ben; n-iste momento galego, cá debe ser a nosa posición? A nosa posición debera ser a máis avanzada. Si o feito das nacionalidades debe ser sentido nos pobos, as máis fondas arelas deberan cesar na i-alma feminina, por razóns que sería longo enumerar, e que teñen a súa confirmación nos innúmeros casos de heroínas patrióticas da Historia. Mais estamos tan lonxe de todo, están os nosos vieiros tan cheios de prexucios, está a xuventude feminina enmallada en tales coidados, que non sería doado un desplazamento inmediato de atención n-iste senso.

O caso das rapazas de Ourense, con todo o seu manifesto, revelan xermes de esperanza. E nós témol-a fundada.

Procurar que isa luz, acendida no camiño en trebas, tome corpo e se alastre é a primeira obriga que nós debéramos impôr. É pedir ben pouco.

Será moito pedir?

CARMEN LOBEIRAS PANTÍN

E X E M P L O S

Con motivo do homenaxe que en Ourense se ofrecéu á memoria da egrexia poetisa galega Filomena Dato Muruáis, as mulleres ourensanas fixeron ouvir a súa voz amiga, chea de fonda cordialidade, nun manifesto, que publicamos a continuación, dirixido ás mulleres da nosa Terra, chamándoas a todas para procurar a unión e concordia de todol-os fillos de Galicia, non para unha laboura negativa e destructora, senón para unha obra de constitución e vida.

É por moitos lados exemplar iste documento precioso das mulleres de Ourense, chamando á cordialidade de todos, caudo todos andan divididos; cheo de fervores patrióticos, cando son tantos os desleigados.

Resulta exemplar ademais por vir escrito en galego. Estamos hoxe vivindo en moitos pobos e vilas en que o noso idioma sigue sendo aínda para as señoritas da boa sociedade un expoñente de inferioridade manifesta. De cote estamos falando con rapazas galegas que se atreven a mintir que non saben falar o galego por non atreverse a confesar o contrario. Isto é moi lamentable. É un estado de concencia mesquiño e torpe, dino de ser mui deplorado. Por iso nunca en millor ocasión que agora puido chegar ise manifesto no que un grupo de mulleres galegas falan en galego a toda Galicia, «chamando ao corazón de todos, pol-a lembranza dos nosos antepasados e pol-o porvir dos nosos fillos».

Confiamos en que iste será un exemplo para as mulleres galegas de total-as bandas, que, inda que hoxe as faga pôr coloradas intimamente, saberán recibir coa fina cordialidade con que foi ditado, non tardando en seguir o e superal o.

Será un éisito que terían xustamente merecido as mulleres ourensanas.

N'iste momento en que Galiza háchase máis necesitada que nunca do agarimo e do esforzo de todol-os seus fillos, pra defensa dos seus dereitos descoñecidos e feridos de toda sorte, coidamos que é cando a muller galega, chamada á vida pública por imperativos dos tempos que corren, e por a natureza ha ser no fogar a conservadora das tradicións dos nosos maiores e a educadora dos galegos de mañán, debe coller decididamente o posto que lle corresponde.

Enrolándonos baixo da bandeira de Galiza, pra defendermos o que nos é máis achegado e máis querido imos aportar a nosa vontade o noso entusiasmo á obra dos que queren erguer a Patria galega á outura e dignidade de que é merecente. Non pra misturarnos na política partidista nen con propósitos de escuridade e de combate, senon, co corazón aberto e limpa intención, chamar á concordia e á unidade á todol-os fillos de Galiza pra que, esquecendo por unha vez os

ESPAÑA E NÓS Marxinalia

motivos que os dividan veñan colaborar na obra común, pol-a dinidade, pol-a prosperidade e pol-o bon goberno da nosa Terra. Porque coma mulleres e como galegas, máis que o poder impórtanos o espírito e máis que a forza a boa vontade.

Coma mulleres e como galegas, a nosa misión ten que ser de paz e de afirmanza. En ben da nosa Terra, chamamos á concordia e á unión á todol-os fillos de Galiza, pra unha obra de construción e de vida, non pra unha laboura negativa e destructora.

A todol-os fillos de Galiza, máis especialmente ás mulleres, á estas mulleres galegas de cuia abnegación, de cuio bon senso, de cuia xenerosidade tanto debemos fiar.

Chamámoso ao voso corazón de fillas e de nais; pol-a lembranza dos antergos e pol-o porvir dos nosos fillos; pol-o noso fogar, pol-a nosa tradición, pol-a nosa cultura, pol-a nosa fala, pol-a nosa prosperidade colectiva, pol-a limpeza política, pol-a paz social, vinde á nós.

Pra todas, o noso saúdo cordial.

Ourense, 25 Sant-Iago 1933.

Xosefina Bustamante de O. Pedrayo, Emilia Blanco de Mojardín, Milagros Rodríguez de Cuevillas, Celia Bouzas de Peña, Xoana Somoza de G. Salgado, Isabel Algarra de Ramón, María del Socorro R. de Guede, María do Carmo Fernández de Riseo, Mercedes Docampo, Felisa María Moráis, María Teresa Cortón, Carmela Salgado, Catalina López Cid, Mercedes López Cid, Manuela Ventura, Rosa Docampo, Carmen G. Rodríguez, Pura González, Mariña Peña, Esther Peña, Maruxa G. Quiroga, Victoria González Quiroga, Maruxa G. Gándara.

Nota.—A correspondencia dirixíase á Santo Domingo (Partido Galeguista), á Comisión de propaganda, integrada por Doña Celia Bonza Peña, Doña Milagros Rodríguez de Cuevillas, Srtas. Mercedes Docampo e Carmela Salgado.

PRENSA NACIONALISTA

O Día de Galicia saíu á luz en Santiago un periódico nacionalista, órgano de «Vanguardia Nacionalista Galega» fundada por Alvaro de las Casas.

Correspondemos ao seu saúdo con unha aberta aservoada de intensa confraternidade no amor da nosa Terra.

NOTA DA DIRECCIÓN

A Dirección roga de novo aos grupos galeguistas nos manden novas da súa marcha, sobre todo n-ista nova etapa de intensa propaganda que se impón pol-o espazo reducido con que contamos, non debe quedar sin rexistrar na A NOSA TERRA ningún acordo ou acto galeguista que se celebre. Isto fará que o noso Partido viva en íntima comunión, que é a principal razón de ser do noso semanario.

Aqueles irmáns que nos manden artigos, sin de antemán tel-os solicitado, deben ter en conta que a Dirección publicaráos ou non, según o xuzgo comenente, tomándose a liberdade, incluso, de modificál-os, en algúns detalles, cando d-isto haxa necesidade. En ningún caso sosterrá correspondencia sobre os mesmos. I-en todol-os casos, publíquense ou non, queda moi agradecida ao intrés que os seus autores demostran pol-o noso periódico, lamentando muito non poder satisfacer as arelas de todos, coa publicación dos seus traballos, pol-o reducido espazo de que dispomos.

Galicia sofre un complexo de inferioridade que lle fai desprezarse todo o seu e valorizar con esceso as cousas alleas. Galicia padece cegueira cando mira pra dentro de sí e pásmase enfeitizada cando olla pra fora.

Galicia evádese de sí mesma porque fai menos de sí mesma. Somos semellantes á certos colonizados e á certos fellhás.

E isto débémollos á Hespaña. E aínda hai galegos que din que estamos na obriga de amar á Hespaña.

Temos, porque Diol o quixo, unha terra fartureta e unha economía equilibrada, ceibe por ímiragre de aventuras industriais. Estamos, pol-o tanto en condicións maravillosas pra desenvolver unha riqueza e pra instaurar na nosa terra un vivir doado e cómodo.

Compre tan soio un labor de retoque e unha intensa campaña de ensino agrícola e de proselitismo cooperativista.

E o Estado de que formamos parte non se preocupa nin de ensinar nin de predicar. I-en vez de dar alentos á nosa economía, tripa n-ela a cotío como un cabalo bravo nun campo de millo.

E aínda hai xentes na nosa terra que aseguran que debemos imensa gratitude ó Estado de que formamos parte.

En Galicia apenas hai pobres e apenas hai ricos. Eiquí un home con vinte mil pesetas de renta é case un potentado. A esprotación do home pol-o home é unha eispresión sen contido no noso país.

Mais viñeron de Castela ideas novas e uns galegos coidáronse obreiros e outros patronos. E inventouse o burgués e houbo loita de clases e folgas, e ruiñas, e mortes.

E aínda hai persoas en Galicia que teiman e que se desfán á berrar de cindo que debemos identificarnos con Castela.

En Galicia a Inquisición foi algo imposto e postizo. Porque nós temos por natureza un criterio toleirante en materia relixiosa e somos anti-inquisitoriais por natureza. E sabemos que os camiños da i alma son diversos, e que cada un ten dereito a escoller o que lle conven ou á non escoller ningún.

A loita relixiosa iniciada en Galicia con queimas de eirexas e aldraxes ós cregos é un andacio que ven de fora, que ven da Hespaña.

E hai por ahí cregos e laicos que din que debemos fundir o noso espírito co espírito da Hespaña.

Galicia leva moitos, moitos anos pagando 10 ó Estado hespañol e recibindo 7 do Estado hespañol.

Dende hai dous anos a metade de España non paga e outra porción importante paga mal. Soio Galicia sigue pagando, pagando o que os outros non pagan.

E logo han vir recargos nas contribucións. E Galicia pandará cos enlaces ferroviarios e cos ministerios e cas obras hidráulicas, asuntos todos nos que non ten nada que ver.

E aínda hai galegos idiotas ou galegos canallas que din que estamos facendo un grande negocio indo unidos e axuntados co Estado hespañol.

L. H. R.

ODAULFE.

Galicia autónoma

CONVOCATORIA

A petición do Partido Galeguista, que non pode consentir que seña envoltó pol-a opinión no mesmo rol de desleigamento e traicións en que caerán outros partidos que non tiveron incoemente en fallar a todol-os com promisos e acordos tomados na xuntanza do pleno derradeiro, convócase aos señores que forman o Comité Central de Autonomía para unha nova xuntanza extraordinaria, que, para pór en claro todo isto, se estará celebrando en Santiago cando iste número salga á rua. Non podemos adiantar nada dos resultados dista sesión. Só exporémos a nosa opinión en cól distas segundas partes nas que nunca puidemos crér, nas que non cré ninguén, denunciando de paso aos traidores e aos desleigados que as provocaron co seu proceder inícuo, cos seus comadros estúpidos.

Ningún partido chegou á derradeira xuntanza do Comité de Autonomía con máis limpeza, animado de máis fonda cordialidade que o Partido Galeguista, inda que seña,

de todol-os partidos estatutistas, un dos que menos garantías ten no Estatuto aprobado en Santiago, que está máis lonxe de satisfacer as suas aspiracións que as de ningún outro partido. Con todo, ningún houbo, fora diste Partido, que estivese á outura da súa misión.

Isto é o que nós queremos denunciar a opinión da nosa Terra. Isto é o que non calaremos nunca. Si o movemento autonomista, estatutista fracasa, Galicia saberá que máns foron as que o fixeron fracasar. O Partido Galeguista ten no seu haber 124 mítins e conferencias estatutistas, máis que todol-os outros partidos xuntos, que apenas poden presentar máis que desleigamentos mesquiños.

A nosa afitú, manifestada sin duda nista derradeira xuntanza, ten que ser ista. Nós estaremos sempre cos que de boa fe queiran xuntarse a nós no fervoroso amor da nosa Terra, veñan de onde veñan. Cos desleigados e traidores non queremos nada. Queda remos sós. Pero o noso pobo non terá que acusarnos de ser os seus asesinos.

UNHA VERGONZA INSOPORTABLE

Os cursiños de Profesores e a Universidade Galega

No número de A NOSA TERRA, correspondente ao día 9 do pasado, reproducemos a rexa e vibrante intervención con que o noso irmán Castelao fixo presente nas Constituintes a protesta de Galiza pol-o aldraxe incalificable de que a nosa Universidade fose excluída nos cursiños de Profesores que xa se están celebrando en Madrid, e outras cidades minadas pol-o centralismo.

Con ser isto moito, o que nos parece pior son as razóns que, según temos entendido, serviron pra xustificar iste feito inaudito. Tense medo ao «espíritu captador de Galicia». Dúdase dos nosos profesores.

¿Sabe isto o señor Rector da Universidade galega? ¿Saben isto os profesores d-ela? ¿Consinteno si o saben? ¿Tolerouse á sabendas semellante ultraxe sin máis protesta que a do noso irmán Castelao e media ducia de deputados máis?

Consideramos que o señor Rector, á quen os galeguistas temos axudado sempre, e gabado cantas veces o mereceu, está na obriga de espricar o seu silencio n iste pleito de diñidade pra a Universidade galega.

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. PESETAS 17.000.000,—
CAPITAL DESEMBOLSADO. » 11.000.000,—
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. » 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESSES DENDE 1.º DE XULIO DE 1933:

Á VISTA. 2 % ANUAL | A SEIS MESES 3,60 % ANUAL
A TRES MESES. 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL
CAIXA DE AFORROS. 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS Ó ANO
COMPRA · VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPÓNS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO
PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14
SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARIÑO

OLIVA 11 E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia:

Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO

Laboura Galeguista

EN VIVEIRO

Foi iste o primeiro ano en que a gran festa da Terra tivo n-ista cidade celebración axeitada. De acordo co-a petición feita pol o «Grupo galeguista» local, o Concello decretou festa oficial a nosa data, vacando as oficinas públicas, pechando o comercio e así como os bancos i-entidades industriais. Numerosas casas luciron bandeiras azul e branca e algúns escaparates de comercios pertencentes á irmans, se achaban adobiados cos nosos cores e con productos da terra.

Nas primeiras horas da mañan a banda municipal percorreu as rúas, interpretando ledos pasodobres galegos, e grupos de irmans espallaron á oito unha folla alusiva á gran festa. Perante todo o día o «Centro galeguista», que se achaba engalanado, foi moi visitado, se faguendo n-él, pol-a serán, música galega.

As dez da noite tivo lugar no acreditado «Hotel Comercio» o gran banquete de afirmación galega. N-él participaron numerosos comensales pertencentes ás máis varias ideoloxías, si ben predominando, como é natural, os galeguistas. No momento do café fixeron uso da verba os irmáns Emilio López Trzascos, Bernardino Núñez e Ramón Villar Ponte, que en frases eloquentes e de gran enerxía resaltaron a existencia do feito galego, cantaron á patria única e puxeron de releve as mouras ameazas que encol d-ela se cinguen, faguendo patente a necesidade de que todol-os bos galegos se axunten n-istas horas críticas pra salvar o que é patrimonio de todos e faguere da Galicia o pobo redimido i-ergueito que todol-os bos patriotas cobizan.

Como remate do acto todol-os comensales, postos en pé, entoaron o himno galego, cuio final, foi acompañado por unha enorme ovación, seguida de numerosos e sinificativos vítores.

EN MONFORTE

Con motivo da festividade do día, o comercio pechou as portas. No Axuntamento, nos domicilios da Mocidade Galeguista e do Centro Republicano Galego, ondeaba maxestuosa a ensena branca i-azul da Galicia, así como en moitas casas particulares. Ao decorrer do día, os rapaces galeguistas espallaron folletos e manifestos alusivos ao día, causando moi boa impresión na cidade. Istes orgaizaron unha excursión de confraternidade ó monte de Guyade, consistindo n-unha merenda, en que o entusiasmo foi grande.

Houbó mitin pra os labregos de Guyade. Cantouse e brindouse, ficando no ánimo de todos o percurar, no vindeiro ano, solemnizar d-un xeito mano e grandioso o día noso, grande e fermoso de Sant-lago, día inesquencedeiro na mente dos galegos de total-as ideais.

Pol-a noite xuntáronse en fradernal cea os persoeiros de todol-os partidos, existindo gran entusiasmo, dándose ao remate un viva Galicial, que foi contestado unánimemente.

EN VIASCÓN

O pasado día 2 de Xulio, tivo lugar n-esta localidade unha xuntanza dos afiliados ao partido galeguista, asistindo tamen moitos simpaticizantes.

A xuntanza presideuna o irmán Garrido e actuou de segredario o irmán Xermán Pichel Bouzas. Ao abrirse a sesión e co local completamente cheo de público, entre o que

figuraban estudantes das distintas facultades universitarias; obreiros manuales e de taller, e sobre todo do campo. Fai uso da palabra Xermán Pichel Bouzas, quen explicou o obxecto da xuntanza, pasando logo á examinar con todo detalle o programa do partido galeguista, facéndolles ver aos presentes a triste e agobiante situación porque está atravesando a nosa terra e que seguirá sufrindo namentras tanto estemos supeditados ás miserias en que nos ten o centralismo e non seamos ceibes. Pasou logo á explicar algúns puntos do noso estatuto excitando á todos á que o voten e o defendan con toda enerxía, por ser o mínimo dereito que pra a liberdade da nosa terra se lle pode reconocer á pesar de ser un estatuto cativo pras nbsas aspiracións galeguistas, nós sentimos a obrigación de defendelo e votalo respectando a vontade do pobo. Despois da larga disertación do irmán Pichel, sigulle no uso da palabra Manuel Garrido, quen agradece ao público a súa asistencia á este acto, empezando á decir que cada un dos presentes sea un foco diseminador dos ideais galeguistas, congratulándose de que en este acto estén representacións de todas as clases sociais. Fai logo un breve resumo dos homes que predicán o galeguismo, considerándoos como mártires e escravos sumisos da nosa terra.

Termina invitando á todos á que se unan e sin distinción de idealismos políticos poñan todo o interés pra celebrar co maior xúbilo posibre a festa do día de Galicia.

Despois procedeuse ao nombramento d'unha xunta directiva cumprindo uns acordos do Consello executivo do partido, que por unanimidade quedou da seguinte forma: delegado, D. Manoel Garrido; segredario xeral e propaganda, D. Xermán Pichel Bouzas; tesoureiro, D. Onésimo Vidal.

Despois d-isto fíxose o programa de festas á realizar, con motivo das festividade do Día de Galicia, do que iremos dando as oportunas noticias nos días sucesivos.

EN VIGO

No Centro Galeguista de Vigo, pronunciou o día 17 de Xulio unha conferencia en col do movemento cultural galego o gran propagandista de total-as inqueданzas mozas Francisco Fernández del Riego.

Foi un estudo detido e amplo sobre os valores nidios da nosa cultura e do noso arte, dunha gran importancia por estar casi inéditos a maior parte dos campos que Del Riego desbravou con visión certa e xuta. É ista unha laboura delicada que só espíritos tan finos e tan cultos coma o d-este xoven universitario poden ten arrestos pra facer.

O numeroso público que asistiu á ista conferencia, aplaudiu calurosamente ao orador, saíndo outamente complacidos.

ULTREYA EN SANTIAGO

No Círculo Mercantil de Santiago, inaugurouse o pasado día 20, o primeiro Salón de Belas Artes «Utreya». Asistiu muitopúblico.

Expoñen, Castro Arines, Sexto, García, Creo, Félix, Isaac Díaz, Granell, Melero e outros; unhos como Arines e Sexto, prestixios de primeira liña xa consagrados en plena mocidade, outros, magníficas revelacións que perfilan as mais falagadoras esperanzas.

No aito da inauguración dixo unca conferencia sobre «Divagacións encol do arte», o noso irmán, Segredario Xeral do Consello de Utreya, Francisco F. del Riego. Con ollada xusta analizou un a un a todol-os ex-

Aínda o tratado co Uruguai GAEUZCA

A ANGURIA DE SEMPRE

En todol-os pobos de Galicia sigue viva e profunda a máis viva protesta, chea de auguria, contra iste tratado funesto. O movemento que nun principio tivo unha eclosión impulsiva, que se revelou claramente en Vigo, en Lugo, na Cruña e en tantos outros sitios, resólvese agora nun exaltado sentimento, reconcentrado e xordo, pronto a estalar nun senso que resultará insospitado para todos, sobre todo para os cegos de mala fé que se empeñan en xogar coa vida dos pobos. E tanta é a cegueira e a mala fé dos enemigos de Galicia que, agora mesmo, niste intre de suma susceptibilidade do espírito da nosa Terra, non teñen inminente e n-ameazarnos con unha nova inxuria, con un novo aldraxe, que virá a carregar, non de indignación, senón de odio, a nosa conciencia de pobo desprezado. Nós non sabemos si se levará a cabo, nin siquiera si tomará corpo, ise Tratado funesto que con Rusia se proiec-ta, e que arruinará, non só a industria madeireira galega, senón a de outros pobos de toda Hespaña, constituindo ademais o primeiro motivo de desalento nista nova dirección de repoblación forestal que se inicia en toda a Península. Con todo é un feito sintomático, só o seu anuncio, da idiotex e incapacidade do goberno que nos rixe.

E todo isto xunto: por un lado a vibración anguriosa e indinada dun pobo que se sinte levado á morte, e por outro a de un goberno que aparece xordo diante total-as inquietudes, é a revelación máis palmaria de un momento histórico que está para morerse n-unha violencia de catástrofe, da que non fuxirá ninguén. ¡Non fuxirá ninguén!

UN MITIN EN MONFORTE

Seguindo a fervida protesta de Galicia contra o tratado co Uruguai, celebrouse en Monforte un magno mitin con unha inmensa concurrencia de máis de dez mil personas, Tomaron parte nil Víctor Martínez, Alonso Ríos e Picallo, que en verbas preñadas de fervor e indinación, expuxeron, unha vez máis a torpeza d-iste Tratado que ven a matar toda a nosa vida económica.



CANDO SE NON É TRAIADOR

Os que levan no fondo da i-alma o amor sagro da Patria, os que levan a Patria no seu corazón, desfeita no seu sangue, en calquera camiño poden facer alto para lembrarse d'Elá, e para decir o seu amor ben outo a todol-os viandantes, en verbas de lume e de carne.

Non é traidor senon o que quér sel-o.

Dende o Partido Radical, a furna noxenta de todol-os desleigados, de todo o podre que hai na nosa Terra, saíu hai días o bon galego Basilio Alvarez para berrar n-unha magnífica aitude de limpeza de espírito, o amor á súa Terra, por enriba de todol-os manexos dos partidos. O látigo estralante do seu verbo, cingúa a carne de todol-os desleigados e traidores. Os enemigos da nosa Terra, son os enemigos do Estatuto, e os enemigos do Estatuto son os amigos de aquel centralismo estúpido e criminal, que, por ser bárbaro,

positores e as firmas máis destacadas do noso arte contemporáneo. O porvir artístico de Galicia e os novos roteiros que a pintura e a escultura siguen pol-a Europa nova. Foi aplaudido afervoadamente.

A Exposición, que está outendo éxitos e gabanzas non agardadas.

como di o Abade de Beiro, era consustancial coa Monarquía, e significaba a humillación máis vergoñosa dos pobos, que mansamente, se deixaban domar nunha aitude vil de castrados imbéciles.

Pregúntase o Basilio si pode haber algún galego enemigo do Estatuto, non crendo que poidan sel-o os republicanos radicales galegos. Pero nós dirémoslle que si, que poden sel-o e que o son. Que hai moitos galegos enemigos da liberdade da nosa Terra. Que o partido radical, co seu bigotudo figuron á cabeza, boicotean o Estatuto canto poden. E, o que é peor, que moitos que aparentaron defendel-o nun principio, son agora os seus máis terribles enemigos. E que todos o boicotean, porque nunca lles intresou o ben da nosa Terra, porque foron sempre os zuchadores do seu sangue, os que a venderon en total-as feiras dos seus persoalisms, os que a traizoaron en total-as revoltas do seu longo e dooroso camiñar de séculos de servidume.

A Galicia matárona sempre os seus fillos, os fillos que, niste desgraciado maridaxe secular co centralismo, concebiu e pariu en dór, e que nacidos dun xunteiro inicio e violento, non poden ser máis que desleigados e traidores.

Renovacións de cubertas por procedimento integral
Recauchutados
VILLAZÓN
OVIEDO
Distribuidor pra
GALICIA e LEÓN
Xoán Segade
Progreso, 59 - OURENSE

SI QUEREDES
XANTARBEN
IDEA
CASA PEPE
Dr. Cadaval, 13
VIGO

Superneumáticos INDIA
Distribuidor pra
Galicia
Asturias
e León
casa Mandado
OURENSE
Progreso, 54

Paquetería e Camisería
A COMPOSTELANA
DE
Vicente López
Cervantes, 22 :: SANTIAGO
Gran surtido en artigos para
Caballero, Señora y niños
Especialidad en medias de seda
e pañolería de todas clases

Crónica da semana

EXTRANXEIRO

En Alemaña siguen ameazando a todo o mundo con crucifical-o na tarabela simbólica. Non lle chamamos cruz porque a non é. Chamámoslle tarabela por que se parece moito ás que lles poñen aos páxaros. Por Austria, un día e outro, os avións nazistas cánsanse de facer propaganda hitleriana. Dollfuss xa se xuzga impotente contra a violencia bárbara e brutal dos «nazis».

O goberno Dollfuss solicitou de Inglaterra e Italia a súa intervención neste asunto. Ao parecer intervirán, E Francia tamén, todo nun plano amistoso. Non sabemos que sairá distas amistades, dende logo moi sospeitosas.

Da India comunican que Gandhi comenará de novo unha campaña de desobediencia. Sabido é que tras de Gandhi está a India, porque a India e Gandhi todo é un. Estamos seguros que, desta maneira, non tardará a India en ser libre, porque os pobos son libres cando queren sêlo.

Acaban de prender ao segredario xeral do Congreso panindio das Trade Unions, señor Makundalal Sarcaz. Pero que importa.

HESPAÑA

Cada vez é máis escuro o camiño da política hespañola. A revolución hespañola quedou braceando nos campanarios. Cando se fala d'ela a xente que entende de revolucións rise. Derradeiramente pensaron poñer unha pica en Flandes, reconecendo aos soviets. E nin os soviets lles agradeceron aos enquistados hespañoles isa gracia torpe, nin se decatou ninguén d'ela. Do que nos decatamos e do presente que con ela se lle ofrece a Rusia, ofrecéndolle un convenio para que poida exportarnos madeira de pino, que virá a desplazar dos mercados as nosas madeiras, hoxe en crisis por múltiples razóns. Ista nova

torpeza do goberno é moi dina do espírito basto e cerril que a pariu. Non sei con que miras puido ser concebida. Se foi por estreitar lazos coas repúblicas soviéticas só, puidera o goberno hespañol pensar en outra cousa mellor, n-unhas botelliñas de «ponche hespañol», por exemplo. Se foi por coñecer a súa obra de explotación da riqueza nacional e desbaratamento da nosa economía, iso xa é outra cousa. Entón está ben.

GALICIA

En Galicia sigue a xente debatíndose contra a miseria con que se nos ameaza. Por todas as bandas hachamos pechadol-os camiños da nosa vida económica. Cada día se fai máis patente a nosa servidume en corpo i-espírito. En cada esquina da nosa Terra as voces érguense imponentes e fortes. Os de Madrid fan que non se dan conta. Pensan que, de fronte, nos rebelaríamos, e queren vencernos deixándonos cansar. Son vellas todas istas tácticas, pero siguen tendo eficacia. Desta vez, con todo, terána que perder. Si con serenidade se tivese seguido o movemento galego fronte ao Tratado, non habería lugar a dúbidas. O goberno pode estar entorado en col diste asunto. Non ten desculpa de ningunha crás. Iste día apareceu na prensa de Madrid un escrito que elevou ao goberno a Asociación Nacional de Oviáreiros andaluces. Si o goberno o comparou cos que nós temos elevado, vería sin duda a pobreza de razóns en que se sustenta aquél; e non dudaría na aitude a tomar. Máis nós sabemos que o goberno ten moitas razóns que mirar. Non se poden quizais dicir. Non as pode dicir o goberno. Pero nós diremol-as algún día.

Galegos anunciadevos en A NOSA TERRA

Verbas de loito

O 16 do mes de Xunio, entregou, lonxe da Pátrea, a i-alma nas mans de Deus, aos 24 anos de idade, Gonzalo da Serra García.

Finou en Salamanca, en cuia Universidade era Profesor, e onde rematara a licenciatura en Letras no ano 1931-32 con grado á Mérito e Premio extraordinario.

Perde Galicia n-él un dos mozos de máis valía pol-o seu saber, a súa bondade e o seu máis rexo patriotismo.

Rapaz arelante de sabencias, percorrêu a estrada das Letras sin cansancio sempre, e nos estudos do latín, abranguera unha outra por poucos coñecida intre os latinistas actuáes.

Arrolado o seu berce pol-as campás de Compostela, mamou na teta da Vía Láctea a galegitude máis baril; e así foi esfaragullando o seu côr nos amores máis nidios á Terra; e levôu arreo a bandeira do seu nacionalismo ergueita e lançal entre os aspros ventos de Castela.

Verdadeira frol de amizade, conque cada amigo un irmán. E por iso, dous d-istes, Xacome Rey Porto i-eu, fomos á Salamanca á lle levar á quen morrêu no desterro, un pouco da súa Pátrea: terra e froles.

Nañ gándaras de Castela, fica enterrado en anacos de arcilla baixo o máis abafante sol, o seu corpo.

Dous cadeirádegos e un compañeiro castelán, dous galegos nados no desterro e nós os dous irmáns idos da Galicia adrede, diante da cova n-aquel cimiterio tan diferente do de Adina, que tanto emocioaba á Rosalía. Iste é sin os acougos dos cimiterios da Terra, amarelo no chan, uns alcipreses cativos i-entangarañados, un azul enxoiro enriba, todo, non homilde, senón probe; non acougador, senón insensibre.

Á miña mente viñan aquelas verbas que dixo Villar Ponte diante da cova de Lousada Diéguez: «Que acougue na paz eterna, non chan bendito, o exemprar Lousada. E

que os bermes que han roer os seus miolos sufran o castigo que merecen por elo: o de se transformar en bermes de luz...» Pro eiquí non sei dicir iso. Eiquí non hai terra nin bermes; isto é un forno de cremación.

Por iso o meu irmán da i-alma, debêu acoller a terra e as froles que da Pátrea lle levamos, como unha choiva de benzóes.

Era a terra o celme da Galicia que lle habería de arxilar o niño derradeiro enxoiro e firente, nun eponllamento de agarimos e de bágoas. I-aquelas froles, foron como o grande pranto da NAI, escoado sóbor do berce do fillo morto.

Irmán, que no desterro que sofre o teu corpo che sirva de consolo a nosa inmorrante lembranza, mentras non chega o día en que vexas cumprido o teu degoiro máis atead, aquél que se lé no libro de Job: «Sei que o meu Redentor vive e que no derradeiro día rexurdiréi da terra, Serei de novo revestido da miña pel, e na miña carne ollaréi o meu Deus.»

Xosé Sesto

O Grupo Compostelán celebrará xunta xeral, mañán lúns, día 7 as oito do serán pra tratar de asuntos importantes. Por medio da presente nota, prérgase a puntual asistencia a todolos irmáns.

NÓS. Publicacións Galegas e Imprenta,

Rúa do Vilar, 15. Santiago

E meirande aínda o de termos conquerido que ningún —pol-o menos decraradamentes— escriua dos seus programas o problema autonómico.

O Partido Galeguista quixera que, mesmo en contra súa, medraran fortes partidos, partidos galegos, de disciplina e de independencia que apoiasen o noso espírito colectivo levando ao acabamento ás vellas clientelas, pol-a práctica de unha política de fondura doutrina e de limpo xogo democrático.

Cara esta política camiña o noso Partido. Pra nós Galicia ten de sere a «ideia forza» de toda unha renovación. E porque os apetitos de mellora puramente económica ou de medro persoal i-egoista que nos ofrecen outros partidos non podían encher, fixemos un Partido de espírito, un Partido de ideal.

O NOSO PROGRAMA

Coincidencia entre xentes xungidas pol-o amor á Terra, por riba de particulares matices ideolóxicos, terreo de laboura común de homes arredados en outras inquedanzas, o noso programa do ano derradeiro non recatou a posición do Partido diante ningún problema galego, entendendo por problemas galegos aqueles que realmente afectan ao porvir do noso pobo e que teñen o seu alicerce no cerne da nosa vida e non as falsas cuestións polémicas suscitadas pol-o exemplo alleo ou pol-o verbalismo en uso.

N-esta segunda asamblea o Partido afondou máis no seu traballo. E sin furtar á discusión ningún dos aspectos que poda atinguir, primeiro a nosa actuación proselitista e despois unha gobernanación galega dos galegos intereses, formuló a súa definición dos grandes principios do Partido, as nosas tácticas a seguir en cada caso e derradeiramente as actividades a desenrolar ao seu respeito.

Poden ser hoxe combatidos os nosos ideais, pero non podemos sere nós tachados de insinceros. Sabemos á onde imos e como nós o saben quen es señan con noso ou quen es se enfrentan ca nosa obra.

DEREITAS I-ESQUERDAS

A miúdo, c-o pensamento posto na política hespañola, se nos demanda se formamos un partido de dereitas ou de esquerdas. E inda, sobre o texto mesmo do noso programa fanse as interpretacións máis dispares e arbitrarias.

Nós topamos d-abondo xustificada esta desorientación por parte de xentes que viven unha política allea e queren medir as nosas aspiracións con módulos estranos. Porque os partidos centralizados loitan a cotío por encher con tópicos o valeiro do seu contido e por substituír con rubros a carencia de unha sincera diferenciación doutrina. E cando queren faguer o que chaman «política de realidades» refrense á política i-as realidades de outras terras, pero non da nosa.

Pol-a contra o Partido Galeguista posêe unha tónica i-unha doutrina de seu. Unha tónica adquirida na longa tradición de loita pol-a unidade e pol-a liberdade de Galicia, a compenetrar n-unha acción común homes arredados pol-a súa concepción relixiosa ou social en outros terreos. Unha doutrina elaborada pol-as fortes mentalidades da reafirmación: Brañas, Porteiro, Lousada Diéguez, Johan Vicente Viqueira, por citar soio aos mortos.

O Galeguismo camiña, pois, cara unha posición orixinalmente galega e negaríase a sí mesmo se valeirase o contido do seu programa en moldes alleos.

Temos, pois, unha sustantividade que non queremos perder. Somos un Partido de integración galega e de interpretación da Natureza, que se resiste á crasificación según criterios artificiosos. Non podemos comulgar cos conceptos de dereitas i-esquerdas que se aplican á unha política que descoñece a existencia mesma da nosa política.

Pero, en troques, si esquerda quer dicir avance e non conformismo, si ser Partido de esquerda é estar na vangarda no pranteamento do problema capital de un pobo, nós non toleramos ninguén á nosa esquerda en Galicia, porque na cuestión da liberdade da nosa Terra sinalamos a posición masimalista, frente aos demais partidos que baixo as alcúas máis diferentes manteñen entre nós o vello «españolismo» monárquico ou o novo «social-patrioteirismo» estatista.

E tamén, si sere un Partido de esquerda é poñerse da banda dos intereses labregos e mariñeiros, que son os intreses domiñantes do noso pobo, frente ao excesivo urbanismo e frente o señoritismo alleeiro; si é tomar partido pol-o traballo diante cobizas inxustas do capital, e pol-os dereitos minoritarios fronte á todolos imperialismos do noso tempo; si é percurar o ben común frente aos egoismos de crase; si é querer transformar a nosa economía pra dotar á Galicia de unha estabilidade social basada na xusticia e no traballo, d-aquela nós tamén somos homes de esquerda.

Pero que ninguén nos confunda cas esquerdas hespañolas. Que se non conte con nós pra «comer cregos», para guindar cruceiros ou pra perseguir a ninguén nos eidos do espírito. Porque todo é alleo a Galicia. Porque o galeguismo é tolerancia; convivencia, integración de valores de posicións e de matices n-unha obra común: o Rexurdimento da Patria Galega.

UN NOVO ESTILO POLITICO

Marchamos, pois, cara un estilo político galego. Os problemas galegos teñen de sere resoltos galegamente. Os Partidos Centrales son insuficientes pra a nosa política e fomentadores do «caciquismo dende enriba» E por esto pol-o que nós nacimos en Galicia e pra Galicia, e desvinculados de todo vencello central. Non temos amo a quen acatar nin inspirador a quen obedecer, temos soio o ben de Galicia por guieiro e por práctica unha nova técnica do político. Ceibes seguiremol-a nosa roita que leva ao vivir ceibe da Terra.

Estamos de costas a un poder central que sigue de costas a Galicia. Loitamos contra uns procedimentos que o siso galego refuga. Nacimos pra guindar con todo renovo caciquil abrindo ao noso pobo un hourizonte de esperanzas. E non os mesturamos endexamais con quen es directa ou indirectamente, por acción ou por omisión continúan a noxenta «política vella», arredando a Galicia de unha verdadeira gobernanación «república» no esgrevio senso de verba.

NOSA CONDUCTA PARLAMENTARIA

Afirmamos n-esta posición a esperencia dos nosos parlamentarios. Foron a Madrid pra faguer obra de colaboración, pero viron axiña que unha muradela de cativas loitas esterilizaba os seus anxeos. E si como galegos non negaron ende-